

5. O Reinado de Fernando VII (1814-1833)

Etapa Política	Contidos
O Sexenio Absolutista (1814-1820): retorno ó pasado	• Retorno do Rei: Tras o Tratado de Valençay, Fernando VII regresa. Recibe o Manifesto dos Persas, onde 69 deputados servís lle piden restaurar o absolutismo. Non só foi un saído ó rei; foi unha base ideolóxica que xustificaba que a monarquía absoluta era “obra da razón” fronte ó “caos” de Cádiz. Fernando VII usouno para lexitimar o seu golpe de Estado o 4 de maio. • Decreto de Maio: O 4 de maio de 1814 derroga a Constitución e toda a labor de Cádiz. Restaurou a Inquisición, os gremios e os señoríos, ignorando que a guerra destruíra a economía. O déficit era insalvable e a perda das colonias americanas (en pleno proceso de independencia) cortou a entrada de metal precioso. • Comeza unha dura represión contra liberais e afrancesados. • A camarilla: O rei non gobernaba con ministros eficaces, senón cun grupo de amigos e confidentes (“camarilla”) que dificultaba calquera reforma técnica necesaria para salvar o Estado.
Os pronunciamentos e Galicia (1814-1820)	• Mecanismo do pronunciamento: Ante a falta de apoio popular pola represión, os liberais recorren a mando militares. Non son golpes de estado típicos, senón “berros” que buscan que outras unidades se sumen. • En Galicia destaca o de Juan Díaz Porlier na Coruña (1815), heroe da guerrilla, alzouse co apoio da burguesía comercial. Tras uns días de éxito, foi traizoado por oficiais en Ordes, detido e aforcado no Campo da Estrada. A súa figura converteuse nun símbolo do liberalismo galego. • Lacy e Milans del Bosch: intentos similares en Cataluña e Valencia que demostraron o descontento do exército polas purgas e a falta de soldos.
O Trienio Liberal (1820-1823): A división do Liberalismo	• Sublevación de Riego: A sublevación en Las Cabezas de San Juan, por parte de Rafael del Riego, tivo éxito porque as tropas se negaban a embarcar cara América. O rei, acurralado, asina a frase. “<i>marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional</i>”. O éxito do pronunciamento de Rafael del Riego obriga ao rei a xurar a Constitución de 1812. • Reformas: Restáuranse os decretos de Cádiz (<i>abolición da Inquisición, desamortizacións</i>). Nacen as Sociedades Patrióticas (centros de debate político). • División Liberal: Xorde a fractura no bando liberal entre: ◦ Moderados (Doceañistas) (Como Martínez de la Rosa, querían retocar a Constitución para dar máis poder ao rei, mediante unha reforma pactada) ◦ Exaltados (Vinteañistas) (Como o propio Riego. Querían aplicar a Constitución de 1812 sen cambios e acelerar as reformas contra a Igrexa e a nobreza). • A Contrarrevolución: O nacemento da “Rexencia de Urgel” e as partidas realistas no campo mostran que o campesiñado, prexudicado polo novo mercado libre e os impostos en metálico, apoiaba o absolutismo.
A Década Ominosa (1823-1833)	• Fin do Trienio: A Santa Alianza envía aos Cen Mil Fillos de San Luís, quen non atoparon resistencia popular (a diferenza de 1808), o que

Etapa Política	Contidos
	proba o esgotamento do modelo liberal. Restauran o absolutismo. • O Despotismo Ilustrado Tardío: O rei persegue aos liberais (<i>execución de Mariana Pineda e Torrijos</i>) e tamén se distancia dos absolutistas máis radicais. O rei decatouse de que o absolutismo puro era inviable. • Revolta dos Malcontents (1827): Isto provocou o odio dos ultras (<i>apostólicos</i>), que viron no rei a un “traidor”, o que provoca revoltas como a dos <i>Malcontents</i> en Cataluña, por parte de radicais que xa pedían que o rei fose o seu irmán, Carlos María Isidro. É o preludio do carlismo. • Reformas Administrativas: Chamou a técnicos como Ballesteros para modernizar a facenda. Créase o Consello de Ministros e o Banco de San Fernando para intentar evitar a quebra do Estado.
O Problema Sucesorio e o final do Reinado	• Pragmática Sanción (1830): Fernando VII publica a norma de 1789 que permitía reinar ás mulleres, anulando a Lei Sálica. Fíxoo ao quedar embarazada a súa cuarta muller, María Cristina de Borbón, para que a súa filla Isabel poida reinar. • Conflicto: O seu irmán, Carlos María Isidro, non o acepta, agrupando ao seu redor aos absolutistas intransixentes (Carlistas). Isto obriga á raíña María Cristina a buscar o apoio dos liberais, iniciando a transición ao estado liberal. • Sucesos de La Granja (1832): Aproveitando unha enfermidade do rei, os absolutistas intentaron que asinase a renuncia á Pragmática, pero tras a súa recuperación, o rei confirmou a Isabel como herdeira. • Amnistía e Apertura: Para defender o trono da súa filla fronte ao seu irmán Carlos, a raíña María Cristina tivo que buscar o apoio dos liberais, concedendo unha amnistía que permitiu o regreso dos exiliados.
Galicia na crise final	• As Forzas de Seguridade: Durante a Década Ominosa, en Galicia foi moi forte a presenza dos “<i>Voluntarios Realistas</i>”, milicias absolutistas que vixiaban aos liberais nas cidades galegas. • A burguesía galega: Cidades como Vigo e A Coruña consolidáronse como focos liberais clandestinos, esperando o momento de retomar o poder, o que sucederá tras a morte do rei en 1833.